

## **Subvencións para axudas tecnolóxicas ao comercio retalista galego**



A subvención ten por obxecto promover a sociedade da información no sector do comercio retalista galego, mediante a **adquisición de ordenadores, software de xestión, páxinas web comerciais, TPV e outros compoñentes informáticos** por parte dos comerciantes retalistas galegos para o ano 2011.

## Persoas beneficiarias e REQUISITOS

1. Poderán solicitar e beneficiarse das subvencións para as os/as comerciantes que realicen a súa actividade única e exclusivamente como comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, e as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que teñan domicilio e alta fiscal no IAE para a súa actividade económica en Galicia e que cumpran cos seguintes **requisitos** :

1.º Estar incluídos dentro das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no LISTADO DE COMERCIOS BENEFICIARIOS (ao final de este documento), e **non estar dados de alta noutras epígrafes distintas ás recollidas no citado listado.**

*A data de alta deberá ser anterior á data de publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.*

2.º Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos puntos 2.º e 3.º

do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.º Destinar os investimentos e desenvolver a súa actividade en establecementos comerciais situados na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán ter o domicilio social nesta comunidade. (No caso do comercio ambulante, requírese que a

4.º Os/as comerciantes ambulantes deberán estar inscritos/as no rexistro de comerciantes ambulantes ou ter solicitada a inscrición con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

**5.º Non superar os dez traballadores.**

6.º Que, de ser o caso, os seus locais comerciais non superen os **150 m<sup>2</sup>** de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público.

7.º Non haber sido beneficiarios/as de esta mesma axuda na convocatoria anterior ( ano 2010 ).

8.º Presentar diante da entidade colaboradora, en este caso, **HOSTISOFT**, a documentación requerida.

## Forma e prazo de presentación das solicitudes de subvencións.

1. O prazo de presentación das solicitudes de axudas permanecerá aberto ata **o 15 de decembro de 2011** .

2. Para seren beneficiarios/as deberáse tramitar a solicitude de axuda exclusivamente a través de unha das entidades colaboradoras .

## Actuacións subvencionables.

Entenderase como investimento subvencionable os custos en que incorra cada beneficiario/a como consecuencia da subministración por parte dalgunha das entidades colaboradoras dos equipamentos anteriormente mencionados: **adquisición de ordenadores, software de xestión e outros equipamentos , así como páxinas web corporativas.**

Cada unha das subvencións acadará o **70% do importe do investimento subvencionable**, co límite máximo e nas condicións establecidas para cada modalidade na presente orde de convocatoria. Non se considerará subvencionable o IVE correspondente, que deberá ser aboado na súa totalidade polo/a beneficiario/a, polo que a porcentaxe de subvención enténdese aplicable sobre a base impositiva.

Os/as solicitantes poderán optar a unha ou varias das **5 modalidades** de subvencións que se recollen a continuación, coas exclusións e condicións establecidas, sen que poidan en ningún caso superar polo conxunto de subvencións a que concorran o límite máximo de investimento subvencionable de 2.142,8 € (IVE excluído), o que equivale a un límite máximo de subvención **de 1.500 euros por beneficiario/a.**

**Conceptos subvencionables**, segundo modalidades de subvención, son os seguintes:

**MODALIDADE A** Adquisición dun ordenador portátil ou de escritorio, segundo as seguintes opcións, das cales unicamente se poderá financiar unha por beneficiario/a.

- A) **Opción 1:** ordenador portátil Netbook cun importe máximo custo equipamento de 400,00 €, IVE excluído.
- B) **Opción 2:** ordenador portátil cun importe máximo de custo do equipamento de 650,00 €, IVE excluído.
- C) **Opción 3:** ordenador de escritorio cun importe máximo de custo do equipamento de 750,00 €, IVE excluído.

**MODALIDADE B:** paquete software de xestión.

Nesta modalidade de subvención, ofértanse dúas opcións, e os solicitantes poderán acollerse a unha ou a ambas, segundo o detalle seguinte:

- A) **Opción 1:** Módulo de xestión comercial e/ou almacén máis control económico. O importe máximo do custo do equipamento será de 1.000,00 €, IVE excluído.
- B) **Opción 2:** Complementaria da opción 1, recolle o soporte técnico, a implantación in situ e a formación por importe máximo de 400,00 €, IVE excluído.

**MODALIDADE C:** páxina web comercial.

O importe máximo do custo do equipamento será de 1.000,00 €, IVE excluído

**MODALIDADE D:** periféricos e outros compoñentes. Nesta opción poderase optar por unha ou varias modalidades:

- A) Lector de código de barras. O importe máximo do custo do equipamento será de 200,00 €, IVE excluído.
- B) Caixón portamoedas. O importe máximo do custo do equipamento será de 60,00 €, IVE excluído.
- C) Impresora tickets. O importe máximo do custo do equipamento será de 230,00 €, IVE excluído.

**MODALIDADE E** paquete TPV integrado. **Esta modalidade é excluínte coas modalidades A, B, C e D.**

O importe máximo do custo do equipamento será de 2.142,8 €, IVE excluído.

## LISTADO COMERCIOS BENEFICIARIOS

(Relación de epígrafes do IAE en que deberán estar de alta os beneficiarios)

- 641. Comercio detallista de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
- 642. Comercio detallista de carnes e miúdos; de produtos e derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
- 643. Comercio detallista de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.
- 644. Comercio detallista de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
- 645. Comercio detallista de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio detallista de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio detallista de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 647.3. Comercio detallista de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
- 651. Comercio detallista de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio detallista de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio detallista de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio detallista de plantas e herbas en herbolarios.
- 653. Comercio detallista de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio detallista de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
- 654.5. Comercio detallista de toda clase de maquinaria, agás aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 657. Comercio detallista de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio detallista de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio detallista de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio detallista de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio detallista de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixería.
- 659.6. Comercio detallista de xoguetes, artigos de deporte, prendas deportivas, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio detallista de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 661.3. Comercio detallista en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.
- 662.2. Comercio detallista de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.
- 663.1. Comercio detallista fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, incluso bebidas e xeados.
- 663.2. Comercio detallista fóra dun establecemento comercial permanente de produtos téxtiles e de confección.
- 663.3. Comercio detallista fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro.
- 663.4. Comercio detallista fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de drogaría e cosméticos e de produtos químicos en xeral.
- 663.9. Comercio detallista fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías n.c.o.p.